

FONSECA

Revista da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela

número_ **44** | Decembro de 2021



**Jose Ortigueira,
décimo socio de honra
de Alumni USC**

SUMARIO

Laboricia, o noso portal de emprego	4
Jose Ortigueira, Socio de Honra	5
Falan os socios, nova sección web	8
Premio Humanitas, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer de Lugo	9
Eva Millán, periodista radiofónica	10
En directo coas voluntarias COVID	11
Universidade e cidade, artigo de Roberto Almuíña	14
Recanto da Saudade	15
Carreira solidaria	16
Mar Lorenzo, vicerreitora de Igualdade	17
Andrea Castaño, gañadora do XV Premio de Relato Curto	18
Hackeando o sistema, artigo de Isabel Neira	19
Invocación ao Apóstolo—Camiño de Inverno 2021	20
Novidades editoriais USC	22
Socios protectores	23
Pintura do Pazo de Oca, obra de Antonio Cajaraville (†)	24

EDITA

Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC

Casa da Concha

Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela

TEL_ 981 580 624 MAIL_ alumni@usc.es

www.alumniusc.gal

<https://www.facebook.com/alumniUSC.asociacion/>

<https://www.linkedin.com/pub/alumni-usc/ba/a57/b5a>

https://www.youtube.com/channel/UC_204IW_oRP2LOE4YBXtx2w

Dirección e redacción

Manuel Fraga Carou

Documentación

Inés Toca Carús

Julia Herrmann Herrero

Fotografía

Eduardo Sánchez

Santi Alvite

Suso Rivas

Achegas diversas

Deseño e maquetación

Ana Cividanes Álvarez

Imprime

Gráficas Garabal

A Asociación respecta os artigos
de opinión asinados e, por tanto,
non se fai responsable do seu contido

DEPÓSITO LEGAL: C 2142-2017



Consello Social



Juan Viaño, oferente na catedral de Santiago



O meu agradecemento e a miña despedida

Empezamos o ano 2021 con gran ilusión, era un ano moi especial, con boas perspectivas. Por unha parte, Ano Santo co que iso implica para a cidade de Santiago, e por outra, o vintecinco aniversario da nosa asociación, que foi creada con motivo da conmemoración do V Centenario da Universidade de Santiago. Isto levounos a planificar actividades especiais para celebrar esta efeméride. Pero a pandemia seguiu sen dar tregua, o que dificultou o desenvolvemento das actividades. Aínda así, con esforzo, tesón e sen perder os ánimos, fomos quen de cumprir co plan previsto no anexo ao **convenio que temos co Consello Social da USC, que leva aparelada unha relevante axuda económica**.

Unha iniciativa importante foi abrir na nosa web corporativa unha sección titulada “Falan as socias e os socios”. Isto é unha ventá a través da cal veremos e escoitaremos a moitos deles, o que axudará a coñecérmonos de xeito máis próximo. Arrancou esta sección cunha entrevista ao xenetista Ángel Carracedo, á que seguiron senllas conversas coa matemática Elena Vázquez Cendón e o enciclopédico especialista en Lingua e Literatura Xesús Alonso Montero, ex presidente da Real Academia Galega. Recuperáronse algunhas actuacións que se levaran a cabo no pasado, entre as que compre destacar o Premio Humanitas.

Organizáronse varias conferencias, todas elas telemáticas, para as que contamos coa inestimable colaboración de socios; colaboramos na celebración das vodas de prata e ouro

de varias promocións; e completamos o proxecto do Camiño de Inverno, levando a mostra de fotografías ao Casino de Santiago e ao Pazo de San Marcos en Lugo. Entre tanto, os camiñantes finalizaron a ruta iniciada antes da pandemia e fixeron a invocación ao Apóstolo Santiago nun acto cheo de emoción e afecto, que tamén eu compartín con eles.

Pero a captación de novos socios, particularmente entre a xuventude, segue a ser unha prioridade para Alumni USC, polo que se desenvolveron actuacións orientadas a tal fin. A de maior calado chámase Laboricia, un espazo facilitador da procura de emprego entre os egresados da universidade.

Este é o último ano que estarei na presidencia de Alumni. Moi ao meu pesar teño que deixar esta responsabilidade, xa que a miña situación impide exercela como eu quixera. Pero as compañeiras e compañeiros da Xunta Directiva están a desenvolver todas as tarefas con dedicación e entrega e así será ata que se convoquen eleccións. E, naturalmente, eu seguirei colaborando en todo o que estea nas miñas mans.

Convido aos que tomen o relevo a asumir un compromiso forte con toda a gran familia Alumni USC. A nosa entidade así o precisa e merece.

Co meu agarimo,

Benita Silva Hermo
Presidenta

Abrimos o portal LABORICIA, co obxecto de captar e reter o talento

O portal inicia a súa andaina con 75 demandas de ocupación rexistradas e 60 empresas contactadas



Laboricia é un portal de emprego creado pola **Asociación de Antigos/as Alumnos/as e Amigos/as da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC)**, que nace co obxecto de facilitar a procura de emprego en Galicia aos universitarios/as co fin de atraer e reter o talento en Galicia. É unha ferramenta que vai dirixida a estudantes e recién licenciados que estean na procura de emprego ou de prácticas en Galicia. Igualmente, o portal vai dirixido a persoas con alta cualificación, formación de posgrao, máster ou doutoramento, que poden achegar un elevado valor engadido ás empresas e entidades galegas que os precisen, aínda que estean traballando fóra de Galicia e desexen regresar.

Laboricia tamén pode resultar de utilidade a entidades establecidas en Galicia, que estean á procura de persoal con formación cualificada en calquera ámbito e desexen contribuír a conservar o talento. Pequenas e grandes empresas, entidades de economía social, despachos profesionais, centros de investigación, axencias e

organismos públicos, etcétera, poden rexistrarse e mostrar as súas ofertas de emprego ou prácticas.

Nesta etapa inicial Alumni USC contactou con sesenta empresas e xa rexistrou setenta e cinco demandas de emprego. **Laboricia conta co respaldo da USC e o patrocinio do Consello Social**, órgano que xestiona as prácticas extracurriculares dos estudantes. Senllas presidentas de Alumni e o Consello Social USC –Benita Silva e Cecilia Sierra– amosan a súa satisfacción pola posta en marcha dunha “ferramenta necesaria, que supón un paso decisivo na facilitación do emprego aos universitarios, así como unha acción conxunta que aproxima as dúas entidades á sociedade, a partir do establecemento de pontes coa súa contorna”, segundo engaden.

Para máis información **Alumni USC_ 981 580 624**
<https://laboricia.alumniusc.gal/gl>

Jose Ortigueira, Socio de Honra

Jose Manuel Ortigueira Bobillo recibiu en Fonseca o máximo recoñecemento da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC), sendo nomeado Socio de Honra “pola súa implicación coa entidade e levar adiante o proxecto do Camiño de Inverno”, programa que incluía unha exposición de fotos e pezas dos museos etnográficos de Quiroga e Arxeriz, así como facer a propia ruta de Ponferrada a Compostela, na que participaron máis de corenta socios. Na *laudatio*, Manolo Fraga destacou o seu “altruísmo e filantropía” á hora de abordar un proxecto no que Ortigueira foi “todo: xestor, planificador e fotógrafo”. Pola súa parte, **Ortigueira, cuxa intervención dedicou á presidenta da entidade –Benita Silva–**, que non puido asistir á sesión solemne, explicou que a intención era asumir “o reto de plasmar a realidade viva do Camiño, con especial atención á economía rural e social”.

O anterior Socio de Honra, Juan Viaño, entregoulle a placa conmemorativa, mentres a vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos da USC, Mar Lorenzo –tamén directiva de Alumni USC–, clausuraba o acto con mostras de agradecemento a todos os que participaron en tan “singular” proxecto, que puido verse en Santiago, Monforte e Lugo, iniciativa financiada principalmente polo programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia e a colaboración do Consello Social da USC e a firma Oca Hotels. A velada completouse cun magnífico recital do laudista Fernando Reyes e a soprano Mercedes Hernández, que interpretaron pezas históricas do Camiño de Santiago.



Mil palabras para Benita



Vicerreitora da USC, Vicepresidente de Alumni USC, Reitor Viaño, querido Moncho -representante do Consello Social da USC-, querido Manolo, sendeiristas, amigas e amigos: As miñas primeiras palabras son para Benita Silva, que conta co noso cariño e recoñecemento.

Por que pensei na felicidade ao fío deste nomeamento? Coa premisa da saúde, a felicidade depende en primeiro lugar da familia, dos amigos que teñas e seguramente tamén do traballo. No traballo pasamos moito tempo, e se tes un traballo desexado, es máis feliz. E que me dicides dos amigos e do tempo libre? Son esenciais na existencia. Que bonito é facer cousas por e para outras persoas... Sen pedir nada a cambio. Unha enorme satisfacción. A actividade do grupo de camiñantes de Alumni USC contribúe á felicidade. Hai que recomendarlles aos médicos que fagan sendeirismo, é unha boa idea para cambiar as súas vidas e mellorar as terapias das súas consultas.

Hai cinco anos, uns poucos sendeiristas (Carmen, Covadonga, Manolo, Moncho, Agustín, Carlos, Miguel) decidiron facer o Camiño de Inverno. Xa o grupo de sendeirismo de Alumni USC levaba feitos moitos camiños de Santiago e chegou a facer tamén o Camiño dos Faros e o de Martín Sarmiento pola costa, de Pontevedra a Santiago.

E tres anos máis tarde, con este fermento, a asociación presentou o proxecto do Camiño de Inverno á convocatoria do Teu Xacobeo. Contamos ademais coa colaboración do grupo Oca Hotels e o Consello Social da USC. Participaron na exposición o Ecomuseo Pazo de Arxeriz e o Museo Etnográfico Municipal de Quiroga, que contribuíron a facer a mostra máis completa. E tamén interviron as asociacións vinculadas co Camiño de Inverno: Ribeira Sacra, Valdeorras e O Bierzo. Un proxecto público-privado, ao que se sumaron a Deputación de Lugo e os concellos de Monforte e Quiroga. De novo o meu agradecemento a todas as entidades e persoas que participaron nesta iniciativa.

Estivemos coa exposición en Santiago, Monforte e Lugo. Alumni USC asumiu o reto de plasmar a realidade viva do Camiño, con especial atención á economía rural e social. Por iso hoxe podemos falar das heroínas e anfitrións do Camiño de Inverno, esas persoas ás que lles debemos a promoción desta senda de máis de 250 quilómetros que vai de Ponferrada a Compostela. Asegúrovos que non é nada fácil retratar a un grupo tan numeroso de persoas, pero todas elas colaboraron neste obxectivo.

A miña primeira cámara foi unha Kodak Instamatic 25, con ela retrataba á nosa avoa Adela. Aínda teño unha imaxe na retina, ela camiño das minas de auga e eu dándolle voltas ao carrete, que por certo, facía bastante ruído. A fotografía evolucionou ao longo da nosa historia recente dende unha concepción rudimentaria e artesanal ata os procesos dixitais actuais. Nunha primeira etapa só os profesionais rexistraron a transformación das cidades e a realidade social. A burguesía foi a principal clientela destes fotógrafos que traballaron primeiro de modo ambulante e, máis tarde, en estudos propios asentados nas vilas e



ciudades. O crecente éxito do retrato fotográfico provocou pouco a pouco unha consolidación dos profesionais, o nacemento de estudos e dedicación exclusiva. Son e imaxe camiñan, cada vez máis, xuntos. Hai un tempo, pensei en ver a música. Pero chegou o momento de empezar a escoitar a imaxe. Vou poñer á proba a vosa memoria con dúas imaxes de dous reporteiros excepcionais.

Florence Owens Thompson, retratada por Dorothea Lange

As décadas de 1930 e 1940 foron decisivas para a historia, foron os anos da Grande Depresión e a Segunda Guerra Mundial. A súa pegada na xente e nas cidades quedou inmortalizada nas fotografías de Dorothea Lange. O seu estilo documental, a súa enerxía e a súa fondura, marcan unha identidade propia na fotografía social. Unha muller intuitiva, comprometida, única. “Vin a desesperada e famenta nai e aproximeime a ela, atraída por un imán. Non me fixo preguntas. Fixen seis exposicións, traballando cada vez máis próxima a ela. Non lle preguntei polo seu nome, nin pola súa historia. Ela díxome que tiña 32 anos, que vivía de vender verdura conxelada dos campos dos arredores e dos paxaros que mataban os seus fillos. Acababa de vender os neumáticos do coche para comprar comida. Sentouse naquel cobertizo da tenda cos seus fillos apiñados á súa beira, e parecía saber que a miña foto podía axudarlle, e ela axudoume a min”. Florence morreu en 1983 e tivo dez fillos.

A nena afgana, inmortalizada por Steve McCurry

Protagonizou a revista National Geographic, en 1985. Si, si, a rapaza dos ollos verdes. De Steve destaca a súa capacidade para compoñer, e captar e narrar historias que recolle viaxando por todo o planeta.

Onde está agora Sharbat Gula? Entrou hai poucos días como refuxiada en Italia, escapando da situación de Kabul pola conquista dos talibáns. Ten 49 anos. Casou con 13 e tivo catro fillas e un fillo. Da etnia pastún e orfa, no momento da fotografía, vivía no campo de refuxiados de Nasir Bagh, de Pakistán, debido á ocupación soviética de Afganistán.

A súa identidade non foi coñecida ata o ano 2002, no que National Geographic organizou unha expedición para atopala. Sharbat recordaba ao fotógrafo, xa que era o único que a fotografara na súa vida. Gula naceu en Afganistán, pero pasou parte da súa vida en Pakistán, ata que foi arrestada pola policía e devolta ao país de orixe en 2016, acusada de falsificar o documento de identidade.

Se vemos estes exemplos, que doado foi retratar ás heroínas e anfitrións, verdade?! Non vos esquezaes das aldeas abandonadas do Camiño, e de todas aquelas persoas que non teñen recursos suficientes para vivir.

O Camiño de Inverno é o camiño da biodiversidade, onde se xuntan os climas mediterráneo e atlántico. Unha senda con música que abraza os dous grandes ríos galegos. A vía dos sentidos, sae o sol nas Médulas e ponse no Pico Sacro. Temos que manter a esencia do Camiño de Inverno, de Ponferrada a Compostela, un camiño para sentir, para compartir, para vivir.

Moitas grazas polo nomeamento
Moitas grazas polo voso afecto



FALAN OS SOCIOS, nova sección na web de Alumni

Co fin de festexar o 25 aniversario, Alumni USC inaugurou unha nova sección na súa páxina web, coñecida como “Falan as socias e os socios”. Nela irán publicándose entrevistas periodicamente a través da canle de Youtube da entidade.



Ángel Carracedo, xenetista

A presidenta de Alumni, Benita Silva, abriu esta iniciativa entrevistando a Ángel Carracedo, catedrático de Medicina Legal, investigador e experto internacional en xenética e membro da Real Academia Galega de Ciencias.

Na entrevista, Carracedo, fala dos seus comezos e por que decidiu estudar Medicina en primeiro lugar. Traza unha panorámica da súa traxectoria investigadora, ademais de explicar brevemente as investigacións que dirixe de xenética forense. Aborda dunha maneira sinxela a relación entre a xenética e certas enfermidades, así como os proxectos nos que está a traballar. Entrevista completa e interesante, polo que Alumni USC lle agradece o tempo dedicado.

<https://youtu.be/zUWFlgk4jus>



Elena Vázquez Cendón, matemática

Elena Vázquez Cendón, profesora titular de Matemática Aplicada da USC, actual decana da súa facultade, coordinadora do máster en Matemática Industrial, presidenta de Estalmat Galicia e membro do grupo de investigación en Inxeniería Matemática, foi entrevistada por Ángeles López Cabarcos.

Cendón explica en que consiste a matemática industrial, a súa liña de investigación sobre a relación entre o fluxo sanguíneo das veas e arterias coas matemáticas, outros dous proxectos da súa traxectoria: o programa ponte entre a USC e centros de ensino medio e o proxecto de coordinación do voluntariado das universidades españolas. Na entrevista mesmo revela o segredo da transformación exitosa da Facultade de Matemáticas, así como as súas actividades de marcado carácter social, a unidade de muller e ciencia e outras. Mesmo se atreve a dar a súa opinión acerca de por onde debería ir a Universidade de Santiago de Compostela.

<https://youtu.be/zntvZUBAveo>



Xesús Alonso Montero, home de Letras

Xesús Alonso Montero, ensaísta, sociolingüista, poeta e conferenciante, catedrático de Literatura Galega, membro da Real Academia Galega –da que foi presidente– e membro do Consello da Cultura Galego, foi entrevistado por Jesús López Romalde.

Alonso Montero comenta recordos da súa infancia e adolescencia en Ribadavia que, posteriormente, sentaron as bases do seu interese pola lingua. Tamén explica o seu gusto polos cánticos populares e como acaba facendo Filosofía e Letras na universidade. Non só fala da súa etapa de estudante, senón que explica os seus períodos de traballo no ensino medio, a súa tese de doutoramento e a súa época máis activa politicamente. Tamén opina sobre a USC.

<https://www.youtube.com/watch?v=Tv1uSC4HKdk>



Cecilia Sierra, Carmen Pena e Carlos Herrero

O premio Humanitas reconece a Asociación de Familiares e Enfermos de Alzhéimer de Lugo pola súa traxectoria consolidada no coidado dos pacientes e as súas familias

A Asociación de familiares e enfermos de alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas de Lugo (AFALU) acaba de ser recoñecida co premio Humanitas, que outorgan o Consello Social da USC e a Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela (Alumni USC). A presidenta do Consello, Cecilia Sierra, e o vicepresidente de Alumni USC, Carlos Herrero Latorre, fixeron entrega este decembro dun galardón dotado con 2.000 euros e co que se pretende recoñecer accións e traxectorias que estean desenvolvendo actualmente persoas físicas, xurídicas, asociacións, empresas ou fundacións que se distingúan pola súa dedicación e implicación en actividades solidarias, sociais ou humanitarias, en beneficio da mellora da calidade de vida da colectividade. Recolleu o galardón María del Carmen Pena Ledo, en representación de AFALU.

“Temos a ilusión de darlle estabilidade a este galardón e de que se converta nun referente da solidariedade na nosa comunidade”, dixo Cecilia Sierra no acto de entrega deste premio ao que se presentaron un total de 16 candidaturas que “desenvolven un labor encomiable”, engadiu a presidenta do Consello Social, o órgano de participación da sociedade galega na USC. “O Consello está obrigado a achegar a realidade social á universidade e viceversa”, dixo Cecilia Sierra. “O noso órgano quere apoiar e dar visibilidade a aquelas actividades solidarias

que se levan a cabo ao noso arredor, impulsando dende a USC a solidariedade, o compromiso social e a formación en valores”, afirmou a presidenta.

Este galardón pretende “dar visibilidade a aquelas actividades solidarias que se levan a cabo ao noso arredor”, dixo Cecilia Sierra, presidenta do Consello Social, órgano que convoca o premio xunto a Alumni-USC

Carlos Herrero destacou, pola súa parte, que AFALU “atende a máis de 140 enfermos de alzhéimer”, feito que entronca “co labor de servizo aos demais” que pretende recoñecer o premio. Finalmente, María del Carmen Pena Ledo deu as grazas por un galardón que non só implica impacto económico para a asociación, senón tamén “un empuje moral e visibilidade”. O xurado, presidido polo reitor Antonio López e composto por membros de Alumni-USC e do Consello Social, reuniuse o pasado 16 de novembro e acordou outorgar o premio á AFALU, entidade sen ánimo de lucro, “cunha traxectoria consolidada no coidado dos pacientes e as súas familias”.



“De Lugo me emocionan mis primeros pasos en el parque con el mapa de España”

Eva Millán,
periodista radiofónica

“Internet no puede con la radio, porque también está en todas partes”

Nació en Lugo en 1962, pero su vida transcurrió en Santiago. Hoy dirige y presenta Un café con Eva cada mañana en RadioVoz.

¿En qué emisoras trabajó?

Cadena Ser, Antena 3 Radio, Onda Cero y RadioVoz.

40 años en la radio. ¿Qué ha cambiado?

La multiplicación de emisoras, la recepción de la información y las horas punta, en radio ya son todas. Es maravilloso tener esta riqueza.

¿Y la relación con el oyente?

Llegan al programa por muchas vías y eso siempre enriquece.

¿Lo que más le gusta del oficio?

Escuchar cómo suena la vida al otro lado.

¿Cuáles son sus referentes?

Iñaki Gabilondo es la fuente donde bebí muchos años.

Internet no puede con la radio...

Lo tiene difícil. La radio también está en todas partes.

¿Qué personaje le gustó entrevistar?

Muchos que no salen habitualmente. Hay entrevistas con alma que traspasan la radio y envuelven todas las ondas por el modo de contar cosas.

¿Qué otras cosas le gusta hacer?

Me gusta el deporte, la lectura, reunirme con mis amigos y la naturaleza.

¿Qué la emociona de Santiago y de Lugo?

De Lugo, mis primeros pasos en el parque con el mapa de España en relieve. Mis paseos en familia y lo mucho que disfruto todavía cada vez que voy, de cómo va creciendo, como yo.

De Santiago, el ir y venir como una estudiante implicada en muchas actividades de la ciudad, los paseos en silencio por los rincones y ver siempre sonrisas conocidas.

CUESTIONARIO
EXPRES



A trincheira

Pasarela entre doentes e familiares

A Cátedra de Cronicidade da USC, que dirixe o xefe de Medicina Interna do CHUS –Antonio Pose–, convocou a un puñado de estudantes das disciplinas da Saúde para, de forma voluntaria e humanitaria, facer de ponte entre os doentes de covid ingresados no hospital e os seus familiares durante o primeiro semestre do ano. Antes das vacacións, o doutor Pose e Montserrat Sánchez-Agustino, subdirectora da Cátedra, reuniron os mozos, máis ben, mozas, nunha xornada de convivencia e agradecemento, á que asistiron o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, e o reitor da USC, Antonio López. FONSECA falou coas voluntarias aquela calorosa tarde do 25 de xuño nas afóras de Santiago.

Manolo Fraga.- Cristina, Julia, Alba, Ansur, Manuel, Inés: Menuda tarde hemos pasado hoy aquí, celebrando vuestro voluntariado

Cristina.- Sí, la verdad es que ha sido un ambiente súper agradable y ha estado fenomenal poner caras a toda la gente con la que hemos estado haciendo videollamadas, no ya con los pacientes, sino también entre nosotras.

MF.- ¿Cómo lo vivió Julia?

Julia.- Para mí fue muy gratificante, porque nosotros íbamos al hospital con la intención de ayudar, y casi nos sentimos nosotras más ayudadas, porque salíamos súper felices, súper llenos, plenos, con la sensación de haber ayudado y participado en la felicidad de alguien que dependía de nosotros en aquel momento, porque no podía hacer otra cosa, así que ha sido muy bonito.

MF.- Bueno, andaluza, seguro...

Julia.- Sí, sí, de Málaga.

MF.- ¿Y Alba de dónde es?

Alba.- Yo soy de Vigo. Y, como dice mi compañera, tuve el placer de poder ayudar, y de sentir que estás realmente solucionando un poco el drama que tenía esa familia, no sólo en el ámbito médico, sino también en el ámbito de que no estaba viendo a su familia, que estaban preocupados, y como nosotras podíamos echar una mano, pues lo hemos hecho.

**MF.- Ansur (también de Vigo),
¿qué destacarías de tu vivencia?**

Ansur.- Bueno, a ver, a mí personalmente me chocó mucho la experiencia de un paciente que se llamaba Ángel, que de un día para otro lamentablemente pasó de estar agradeciéndote todo a simplemente no poder hablar y centrarse en su respiración. Ángel falleció, y otra de las labores que nos toca a nosotras es sobrellevar ese duelo por parte de los familiares, que en este caso también estaban confinados.

MF.- ¿Cómo te impactó el fallecimiento de Ángel?

Ansur.- A mí, personalmente, me impactó, porque Ángel era una de esas personas que a poco que hablastes con él ya sabías que era una persona de luz, que agradecía todo a poco que hicieses. Y yo pensaba para mí: esta persona me está ayudando un montón a mí, estoy aprendiendo un montón con ella". Y a mí me chocó mucho, porque es una persona que tú dices: se merece vivir, se merece por lo menos luchar un poquito más. Pero la vida no le dio una oportunidad más y, a mí, eso me rompió en dos porque no podía hacer nada, me sentía súper impotente.

MF.- Gracias por tus palabras, Ansur, llenas de verdad; y memoria de Ángel hacemos todos en este momento, igual que de tantos otros pacientes de COVID que no superaron la enfermedad. Vosotros habéis contribuido al duelo, al acompañamiento... ¿Cómo lo viviste tú, Manuel?

Manuel.- Yo creo que, como comentaban ellas, es una experiencia bidireccional. Tú vas con toda una ilusión y nunca sabes lo que te vas a encontrar, porque en nuestro caso casi era el primer contacto con pacientes en general, y bueno, cada familia es un mundo, cada paciente es un tipo, y bueno, pasa de todo. Hay pacientes que no están, pasa una semana y te enteras de que ha fallecido y no te lo esperabas, porque lo veías bien...

MF.- ¿Y en el caso de Inés (portuguesa)?

Inés.- Pues yo me sentí... más que ayudar a la gente, me sentí muy acogida por todos los pacientes, principalmente los de Galicia, que me decían "la portuguesa". Y nada, creo que esto es muy importante para nuestra formación como futuros médicos, enfermeros y auxiliares de sanidad. Y bueno, fue una experiencia magnífica.

MF: Me han dicho que los pacientes recordaban vuestros nombres y, sin embargo, no recordaban los de los médicos ni enfermeros. Esto quiere decir algo, Cristina. ¿De dónde eres tú?

Cristina.- Yo soy de Madrid. Y en mi opinión, sí. De lo que me he dado cuenta es de que hay un problema muy metido en el sistema sanitario, en el cual los pacientes se han convertido en una casa para una enfermedad, y no hay trato personal real entre el paciente y la enfermera, ni el auxiliar ni el médico, hasta el punto de no saber distinguir quién es quién. En el momento en que se pasa esa barrera y se hace una conexión personal con el paciente, hay una mejoría tremenda, porque gran parte de la mejoría física



de este tipo de patologías es el querer superarlo; y la gente que te apoya es lo más importante.

MF.- Por lo que os escuché en la sobremesa, la comunicación, la faceta humanitaria, es tan importante como el acto clínico

Cristina.- Sí, por supuesto. Yo soy partidaria de que todo el mundo debería tener un mínimo en cuanto a comunicación, y sería la primera que me encantaría participar en cualquier tipo de talleres, que en mi opinión deberían ser obligatorios, para poder facilitar la comunicación. Ya no sólo entre paciente y personal sanitario, sino también en los diferentes ámbitos dentro de los profesionales, porque sí que **se ve que hay un fallo de comunicación entre enfermería y medicina**, y suplir eso, la verdad, es que estaría fenomenal.

MF: Dame un nombre para recordarlo públicamente, un paciente tuyo

Cristina.- Juan, porque me contó su vida, y a día de hoy sigo manteniendo contacto con él. De vez en cuando me manda mensajes y la verdad es que pensar que un señor de 97 años, gallego, que había estado en la marina mercante, me siga escribiendo, la verdad es que me llama mucho la atención, porque no habría tenido manera de ponerme en contacto con él.



Os estudantes voluntarios co Conselleiro de Sanidade –Julio García Comesaña–, o director e a subdirectora da Cátedra de Cronicidade –Antonio Pose e Montserrat Sánchez-Agustino– e o Reitor da USC –Antonio López–

con nome propio

Ángel era una persona de luz,
pero la vida no le dio otra oportunidad

Juana estaba tan pochiña
que no se veía con fuerzas,
pero al final fue capaz de salir del hospital

Carmen era ella, paradójicamente,
la que hacía reír a su familia

Asunción despertaba cuando
le ponías las fotos de sus nietos

Me sentí súper bien con **Matilde**
y me alegré mucho cuando se fue de alta

A día de hoy sigo manteniendo contacto
con **Juan**, que tiene 97 años

Pode escoitarse o audio desta entrevista múltiple
no seguinte enderezo dixital

<https://go.ivoox.com/rf/73524635>

MF.- ¡Qué bueno! Un paciente de Julia

Julia.- Matilde, porque tanto ella como su hija Pilar me hicieron sentir súper bien, yo que soy de Málaga, me dijeron que aquí tenía su familia. Yo me pasaba tardes con ellas y me lo pasaba muy bien, y me alegré mucho cuándo se fue de alta.

MF.- Otra alegría. Un paciente de Alba

Alba.- Yo me acuerdo de Juana, que era una señora también muy mayor, de más de 90 años, que tenía una familia enorme. Yo llamaba a su nieto Brais con el que me sentí muy cómplice, al igual que Juana, y juntábamos a todos los nietos, todos los tíos, todos los hijos, todos. Y conseguimos que a Juana, que la verdad es que estaba tan pochiña que no se veía con fuerzas de seguir adelante, le cambiase esa mentalidad. Y, al final, Juana fue capaz de salir del hospital, y la verdad es que acuerdo mucho de ella.

MF.- Celebramos la vida de Juana también. De Ángel hablabas, Ansur

Ansur.- Sí, de Ángel nada más que añadir su manera en la que no quería que su familia se preocupase por él. Las llamadas duraban como tres minutos, porque no quería que su hija se preocupase por él, porque sentía ese amor de decir: no quiero preocupar a mi familia, voy a decirles

que estoy bien; y tras colgar la llamada, lloraba. Un amor incondicional que no se ve todos los días

MF.- Manuel, un paciente tuyo

Manuel.- Asunción, porque era una paciente que llegabas y estaba como un poco obnubilada, incluso puede ser por un poco de deterioro previo, pero cuando hablabas con la familia y le ponías la foto de sus nietos, y hablaba con sus nietos pequeños, que tenían 5,6,7,8 años, pues despertaba completamente, cambiaba perfectamente y hasta le salía una sonrisa, y era muy gratificante.

MF.- También agradecemos la vida de Asunción. ¿Inés?

Inés.- Yo me acuerdo de Carmen, que era una señora ya muy mayor, que paradójicamente era ella quién hacía reír a la familia, aunque fuera ella quien estaba en esa situación; así que me he acordado de sus ganas de vivir y de su alegría. Eso sí que me ha quedado.

MF.- Pues con esta alegría de vivir y celebrando la vida nos quedamos. Os felicitamos por vuestra acción humanitaria de enorme recorrido, de gran trascendencia y que es un ejemplo para la sociedad gallega. Cristina, Julia, Alba, Ansur, Manuel e Inés: Parabéns e moitas grazas polos vosos testemuños!



universidade e cidade

O traballo inxente desenvolvido polo profesor Domingo Fontán para elaborar a Carta Xeométrica de Galicia na primeira parte do século XIX constitúe un gran referente do papel da universidade na promoción da súa contorna máis inmediata, e aquela dedicación exemplar debería servir de guía a todos os que hoxe traballan na USC.

A universidade e os seus institutos de investigación, no eido da farmacia, a medicina, as augas, as matemáticas ou dos produtos lácteos, que constitúen importantes fortalezas das dúas cidades nas que se asenta, levan anos demostrando a súa valía e capacidade.

Os nichos de emprego en Santiago e en Lugo non están nas actividades relacionadas co turismo e a hostalaría, senón nos hospitais, a universidade, os centros de ensino medio, a Xunta e o Concello; pero esta configuración da economía de ambas as dúas cidades precisa de forma urxente seren equilibrada mediante a promoción dunha industria baseada nas fortalezas locais e apoiada no coñecemento e a investigación aplicada, xerados nos departamentos e institutos de investigación da nosa universidade.

Non poden ser alleos a este labor os departamentos “non experimentais”, porque a mellora da calidade das leis que elaboran os Parlamentos, os estudos sociolóxicos sobre o baleirado do campo e das cidades históricas, a investigación e a conservación do noso patrimonio histórico, ou o coidado do tesouro da nosa lingua e a súa literatura son algúns dos eidos que por seren de interese xeral para Galicia tamén teñen que selo para a universidade.

Outro campo no que ten que intervir a USC é no deseño dunha política turística para Santiago e para Lugo mais aló dos Xacobeos, poñendo en valor o patrimonio construído por medio de “experiencias na cidade” e potenciando o turismo de congresos, no que a Universidade de Salamanca nos gaña por goleada.

A universidade ten que implicarse na potenciación de citas anuais como Música en Compostela ou a creación doutras novas, como podería ser un Curso Serafín Moralejo sobre o Románico, ou a promoción de centros de interpretación sobre a arte románica e o barroco en Compostela, ou de certames de música medieval partindo da fortaleza que comportan os arquivos da catedral de Santiago.

Compre facer, por tanto, un chamado aos equipos que dirixen a USC sobre a necesidade de abrirse aínda máis á sociedade, que cos seus impostos sostén a institución, redobrando o esforzo docente, investigador e divulgador e unindo forzas coa sociedade civil para promover a cultura do emprendemento ligado ás nosas fortalezas.

Roberto Almuíña

Presidente da Asociación de Veciños
da Cidade Histórica FONSECA



Vodas de Ouro Químicas



Vodas de Ouro Químicas 50 + 1



Vodas de Ouro Direito

RECANTO DA SAUDADE



Vodas de Prata Medicina



Vodas de Prata Medicina 25 + 1

Carreira virtual solidaria

Alumni USC celebrou en febreiro unha carreira pedestre virtual, a beneficio da Asociación Paluso, na que se recadaron 354 euros. Con estes cartos fíxose unha compra de alimentos básicos escollidos no propio supermercado pola presidenta de Paluso, Chus Iglesias.

Participaron máis dun cento de corredores, que debían recorrer 5 km nun tempo determinado.

A proba virtual foi posible grazas a Óscar Páramo, estudante en prácticas na oficina de Alumni, que usou unha aplicación dixital para poder organizala. Parabéns a todos os participantes!



Benita Silva cos gañadores




Benita Silva e Chus Iglesias



Medalla de ouro
Miriam Ferrán Fraga



Medalla de prata
Antía Collazo Ferradáns



Medalla de bronce
Chus Rodríguez Fraga



Medalla de ouro
Adrián Dios Vicente



Medalla de prata
José Rodríguez Rey



Medalla de bronce
Gustavo Noya Pena



ENMENTE VI

O Encontro de Intelixencia Emocional celebrouse en novembro vía telemática, se ben dous relatorios foron presenciais. Esta sexta edición, na que participaron 116 persoas, contou coa colaboración do Consello Social da USC e o Instituto de Ciencias da Educación da USC.

Mar Lorenzo, vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos

“Destinamos fondos a proxectos de investigación que nos permitan seguir avanzando contra a desigualdade”



María do Mar Lorenzo Moledo (Noia, 1968) é profesora titular de Teoría e Historia da Educación da USC.

A súa vicerreitoría é a primeira vez que inclúe no enunciado a palabra ‘igualdade’. Que supón este salto?

Aínda que dende o inicio do mandato do reitor Antonio López asumín as competencias en materia de igualdade, incluír igualdade na denominación da vicerreitoría manifesta o claro compromiso da institución coa igualdade, principio que guía a nosa cultura institucional e conforma un dos piares do noso modelo de responsabilidade social.

Que políticas ou accións se desenvolven nesta área e con que resultado?

A folla de ruta da USC está marcada no seu III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (III PEIOMH), aprobado en Consello de Goberno o 28 de maio de 2021. O Plan, que nace dun amplo consenso participativo e do compromiso de inclusión dos colectivos da comunidade universitaria, comprende distintas áreas de actuación: cultura institucional; docencia, investigación e transferencia; presenza, promoción e representación; conciliación co-responsable; acoso e violencia de xénero; e condicións socio-sanitarias no traballo.

Para cada unha destas áreas fixéronse obxectivos xerais e específicos, así como as accións necesarias para o seu logro. Son un total de 9 obxectivos xerais, 21 específicos e 85 accións. No éxito deste Plan é clave o papel da Oficina de Igualdade de Xénero.

Cal é o principal reto neste ámbito na súa opinión?

Para elaborar o III PEIOMH tivéronse en conta os resultados da avaliación do plan previo e a actualización do diagnóstico sobre a igualdade na USC, que implicou unha análise cuantitativa e cualitativa da situación de mulleres e homes comparando os datos de 2014-2020. Das principais conclusións extraídas, e que marcan os retos que temos como universidade, eu destacaría a necesidade de seguir traballando para a inclusión da dimensión de xénero na docencia, na investigación e na transferencia.

Máis mulleres profesoras, pero menos catedráticas

Certo. Na USC os datos para 2021 son de 94 catedráticas fronte a 232 catedráticos. Os datos melloran se os comparamos cos de dez anos antes, pero o que indican é a realidade dunha brecha de xénero que é o reflexo das dificultades que temos as mulleres para avanzar na nosa carreira académica. Distintas expertas xa alertaron do impacto de xénero que a pandemia tivo na produción científica de moitas investigadoras.

E como é a proporción nos órganos de goberno?

O consello de dirección da nosa Universidade está formado por 5 mulleres (4 vicerreitoras, e secretaria Xeral) e 7 homes (o reitor, o xerente e cinco vicerreitores). Non obstante, a representación en Consello de Goberno está sobre o 27% e en Claustro acada o 30%

“Hai 94 catedráticas fronte a 232 catedráticos”

A USC traballa no estudo e investigación do feminismo na sociedade actual?

Si, a USC conta con grupos de investigación que son un referente na investigación en igualdade. Dende a Oficina de Igualdade de Xénero, xunto coa miña vicerreitoría, propuxémonos destinar unha parte dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero a financiar proxectos de investigación que nos permitan seguir avanzando na loita contra a desigualdade.

Mellorou ou ampliouse a oferta cultural da USC, cara adentro e cara afóra, nos últimos anos?

Esta área é un dos elementos de calidade e de prestixio desta universidade. Creo que a USC destaca pola súa programación cultural, resultado do traballo de grandes profesionais que, con orzamentos sempre escasos, son quen de ofrecer á comunidade universitaria e á cidadanía en xeral producións de altísima calidade. Todas as nosas unidades de produción merecen ser destacadas pero quizais o público descoñece que a USC ten unha magnífica orquestra integrada por máis de 60 mozos e mozas universitarios/as.

“Temos unha magnífica orquestra integrada por máis de sesenta universitarios”

Andrea Castaño Rodríguez gaña o certame literario dotado con 500 euros que achega o hospital HM Rosaleda

Conta unha historia fantástica, “idea orixinal” expresada cunha redacción de “moita calidade”, segundo o xurado

A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni) fallou a décimo quinta edición do Premio Relato Curto a favor do texto *Ser*, orixinal de Andrea Castaño Rodríguez. “Quixen coller algo cotiá e convertelo en algo fantástico. Ademais, a pandemia foi propicia para botarlle imaxinación. Ao final do relato en primeira persoa, que é absurdo, convírtome nunha xouba e son feliz. A realidade vai da man da fantasía”, segundo explica a gañadora do premio literario de Alumni, dotado con 500 euros grazas ao patrocinio do hospital HM Rosaleda.

Andrea Castaño Rodríguez (Padrón, 1999) vén de graduarse como mestra en Educación Primaria na USC e debuta na escena literaria con este premio. “Este curso unha profesora mandounos como traballo de clase facer un relato sobre a familia, eu estaba a ler nese momento *A metamorfose*, de Kafka, e escribín este texto que, de casualidade, presentei ao certame de Alumni USC”, tal como indica. Gústalle moito ler novela histórica e fantástica e ten como referentes as escritoras Rosa Aneiros e Julia Navarro.

O xurado estaba integrado por **Celia Yebra**, **Carmen Buitrón** –ávidas socias lectoras de Alumni– e **Tania Fernández**, xornalista e xefa de Programas da Radio Galega, acompañadas polo secretario de Alumni, **Agustín Pena**, con voz pero sen voto. Destacaron do texto gañador a súa “idea orixinal e aberta, na que a partir dunha escena cotiá se presenta unha historia surrealista ben resolta que, ademais, deixa moitas incógnitas e a posibilidade de explorar”. As avaliadoras tamén suliñan que a redacción é de “moita calidade”.



O XURADO

Agustín Pena, Celia Yebra, Tania Fernández e Carmen Buitrón

Hackeando o sistema: destruír para crear

Vivimos nun mundo en constante cambio, coa innovación como motor de desenvolvemento. Innovar consiste en “implementar novos procesos de produción, de organización, novas prácticas internas, novos ambientes de traballo ou novas formas de comunicación co exterior”. A innovación convirte o coñecemento en riqueza, e as Universidades por definición deben de ser axentes catalizadores da innovación.

Schumpeter acuñou o concepto de “destrución creativa”, como a forma de describir o proceso que acompaña as innovacións. Unido á figura do innovador, está a do emprendedor, persoas que asumen riscos e conseguen os cambios, rompendo as estruturas existentes e conseguindo que as sociedades avancen. Os desafíos da sociedade actual van ligados a sustentabilidade, nun mundo dixital que precisa de ser inclusivo. A resposta da universidade ten que estar á altura destes retos, e a necesidade de intraemprendedores e de espazos para que conflúan as ideas diversas é un elemento clave da innovación. Vivimos burocratizados, estandarizados, atomizados e illados en equipos, departamentos, e no mellor dos casos en centros de investigación.

Os novos retos son sociais, de todos, non podemos dar resposta a problemas globais como o envellecemento da poboación ou a necesidade de relacionarnos dun novo xeito co planeta dende ópticas que non sexan unha visión completa en 360º. O coñecemento é inmenso, imposible de canalizar sen a inclusión de todos os actores sociais; precisamos os nosos alumnos para facer unha mellor e

máis plural universidade, necesitamos traballar xuntos, profesores, investigadores e persoal de administración para mellorar os procesos, acercar o coñecemento á sociedade e definir a onde queremos ir. Precisamos espazos físicos e modelos de traballo que permitan a interacción: Se unimos as propostas cos colaboradores, acadaremos prototipos en comunidades de aprendizaxe.

Necesitamos mediadores para entender o que a sociedade espera de nós, precisamos laboratorios de innovación... entender o mundo no que vivimos, de cambialo empregando o mellor dos “artefectos” de que dispoñemos na universidade: o talento. Somos creativos, con curiosidade e coñecemento –a fórmula do talento Innovador–. É a nosa obriga servir á sociedade, definir e buscar retos que poidamos responder e facelo en comunidade, en equipo, experimentando e aprendendo, empregando a nosa innata curiosidade científica para resolver de modo creativo os retos. Sen innovación non seremos universidade, e o primeiro paso como diría Schumpeter é destruír para crear, destruír barreiras entre departamentos, entre centros, equipos... cooperar, transgredir, “hackear” o sistema para crear unha universidade que, de verdade, responda aos problemas sociais.

Isabel Neira

Directora Técnica de GEM. @gem-spain.com

Promotora do Laboratorio de Innovación Social (LIESGA) @LiesgaUSC



ENFOQUE

TRADICIÓN XACOBEEA

A Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC) realizou o 12 de decembro a invocación apostólica na catedral de Santiago, á que asistiu medio cento de socios. Tratábase de cumprir co rito xacobeo tras realizar o grupo de sendeirismo o Camiño de Inverno, ruta que iniciaron antes da pandemia e cuxas etapas foron cubrindo en diversas

xornadas de sábado. Juan Viaño, anterior reitor da USC, foi o peregrino ao que se lle encomendou facer a ofrenda, un emotivo testemuño espaxiado de referencias aos lugares do itinerario, un relato salpicado de peripecias acontecidas ao grupo e unha sentimental reseña do seu amigo da alma, Antonio Cajaraville.



Os camiñantes e peregrinos co celebrante, Segundo Pérez, e a presidenta de Alumni, Benita Silva

Invocación ao Apóstolo–Camiño de Inverno 2021

JUAN M. VIAÑO REY

Señor Santiago, Delegado de Peregrinacións, peregrinos, camiñantes do Camiño de Inverno: Quero agradecerlle a AAAAUSC, e ao seu club de sendeirismo, a honra de poder facer esta invocación no seu nome e a cálida acollida nesta gran familia de camiñantes, na que redescubrí o valor da amizade renovada, o amor pola natureza, a conversa repousada, a paixón pola nosa terra e a nosa forma de vivir. Persoas diversas e maravillosas coas que tiven a ocasión de compartir unha parte de Galicia, das súas terras de lenda, da súa chuvia, da súa néboa, do seu sol, da súa cociña e do seu viño. Grazas Benita, Inés, José Manuel, Agustín, Moncho... grazas a todos, por facer posible este espazo cheo de vida, por "unir e non separar", como lle gusta dicir ao noso guía Manolo Fraga.

Iniciamos esta aventura cando as cores do outono de 2019 lucían en carballos e castiñeiros e o arrecendo da vendima nos acompañaban dende Ponferrada a Chantada. As primeiras ondas da Covid-19 escureceron as etapas de Quiroga, e Monforte. As restricións sanitarias máis severas obrigáronnos a colgar as botas durante meses para finalmente rematar

a andaina desde Montefaro ata esta Catedral que nos acubilla. Galicia foi pasando diante de nós, como ela é: enxebre e moderna, con luces e sombras, igrexas e capelas, tractores e aeroxeneradores, establos e polígonos industriais, albergues e hoteis, vacas e cans de palleiro, muíños e pontes, ríos e regatos, pazos e cruceiros, hortas e prados,... con aroma de magosto, polbo e cocido, viños de Valdeorras e Ribeiro, licor de café e de herbas, a "rianxeira" e o "miudiño" pero tamén "Cornatel, Cornatel".

Vendo as caras de satisfacción no autobús cada mañá, sempre me preguntaba pola motivación última de cada un de nós para estar alí, puntual cada sábado: compañía na soidade?, refuxio no desamparo?, consolo no sufrimento?,

**Vendo as caras de satisfacción
no autobús cada mañá, sempre
me preguntaba pola motivación última
de cada un de nós para estar alí**

Pedimos para que a investigación ben entendida sexa potenciada, escapando de negacionistas e charlatáns

silencio no barullo?, exercicio no sedentarismo?, relixión na secularización?, peregrinación na devoción? Todo cabe e todo vale, aínda que nada se necesita, para unha aventura de convivencia con persoas coma vós. Evoco a felicidade naquelas primeiras andainas, reencontrando vellos amigos, comendo froita da beira do camiño, partillando conversas e coñecemento sobre historia, relixión, matemáticas, cogomelos, castañas, enerxía eólica...

Aquelas primeiras xornadas de ledicia tinguíronse de “negra sombra” a comezos do ano 2020 no que “os malos espíritos das aneoadas veigas” se conxuran para que os humanos reflexionemos sobre a nosa fragilidade: accidentes (coma o meu, camiño de Valdeorras, e o de María Xosé baixando cara ao Ulla), enfermidades (coma a da nosa querida presidenta Benita ou a Covid-19 que puxo de xeonllos a toda a humanidade), e a morte (que en forma de virus levou a millóns de persoas e nos arrebatou ao amigo Antonio Cajaraville, sen deixarlle rematar este camiño, no que era tan feliz). Pidamos por todos eles.

Despois dunha “longa noite de pedra” de 18 meses, voltou a esperanza as nosas vidas e os sorrisos as nosas facianas (aínda que agochadas polas mascarillas). Así subimos a Monte Faro, no medio da néboa que nos lembraba a negrura que invadira o mundo. As vacinas foron fundamentais para este “rexurdimento”, para salvar vidas e evitar o colapso dunha sociedade sometida a unha proba de forza descoñecida. A fe na investigación permitiu esta arma contundente contra o virus. Pedimos para que a investigación ben entendida sexa potenciada, escapando de negacionistas e charlatáns. O coñecemento científico e a investigación son a base para salvar a humanidade de catástrofes ameazantes sexa por enfermidades, contaminación ou cambio climático e lograr un mundo con mellor calidade de vida para todos e en todas partes.

Pedimos que a educación chegue a todas as persoas, para que sexan máis libres e saiban entender e reflexionar sobre as cousas importantes, coma o universo e o medio ambiente que nos rodea ou o papel do home e da muller no mundo, que admitan a diversidade e igualdade de todas as persoas, que detesten a violencia de calquera tipo, que coñezan a importancia das crenzas relixiosas e teñan presente que moitas guerras se inician por discrepancias relacionadas con deuses e profetas. Como entender o fenómeno xacobeo, se non coñecemos a historia de Xesucristo ou a de Santiago, fillo do Zebedeo?, como achegarse á cultura oriental sen coñecer a figura de Buda?, como entender aos musulmáns se non sabemos quen foi Mahoma?

Non atopo palabras para describir as sensacións que sentimos pisando as calzadas romanas de Ponte Ulla, Boqueixón e Sar, entrando por Mazarelos e A Quintana para pasar pola Porta Santa

Despois de dous anos, cando remata este 2021, e de novo o outono estende o seu manto de cores polo val do Ulla, percorremos as etapas que nos traen a túa Catedral. Dende Lalín e Silleda, pola ladeira do Pico Sacro onde di a lenda que descansou o corpo de Santiago, procedente de Iria Flavia, camiño de Compostela, no carro de bois que mandara xunguir a Reina Lupa. Non atopo palabras para describir as sensacións que sentimos pisando as calzadas romanas de Ponte Ulla, Boqueixón e Sar, entrando por Mazarelos e a Quintana para pasar pola Porta Santa.

Sensacións de felicidade íntima, de seres humanos afortunados de vivir esta experiencia, de sentirnos peregrinos nas terras que nos viron nacer e nas que habitamos. Sensacións únicas ao entrar nesta Catedral na que te honramos, na que agradecemos estar aquí, na que reflexionamos sobre as nosas vidas, as nosas inquiredanzas, as nosas debilidades e as nosas esperanzas.

Danos forza para repetir! Moitas grazas.

Sensacións de felicidade íntima, de seres humanos afortunados de vivir esta experiencia, de sentirnos peregrinos nas terras que nos viron nacer e nas que habitamos



Un xantar de confraternidade no restaurante San Clemente puxo a guinda á celebración xubilar

Novidades editoriais



English Pronunciation for Speakers of Spanish: A Practical Course Toolkit

Autores:
María Angeles Gómez González, Teresa Sánchez Roura, Milagros Torrado Cespón
Colección: Outras Publicacións
ISBN: 9788418445477



Filosofía Zoolóxica

Autor: Jean-Baptiste Lamarck
Colección:
Clásicos do pensamento universal
ISBN: 9788418445606
Páxinas: 599



Actividades para desenvolver o coñecemento epistémico implicado nas prácticas científicas na educación secundaria

Autores: Pablo Brocos Mosquera, Lucía Casas-Quiroga, Fermín Cambeiro Cambeiro
Coordinadora: Beatriz Crujeiras Pérez
Colección: Outras Publicacións



Lendas das Terras do Eume

Autora: José María Fonte
Colección:
Biblioteca de divulgación. Galicia
ISBN: 9788418445569
Páxinas: 133



Xela Arias. A literatura e a vida, por elección: Día das letras galegas 2021

Coordinadora:
María Xesús Nogueira Pereira
Colección: Día das Letras Galegas
ISBN: 9788418445491
Páxinas: 228



La educación en Red: realidades diversas, horizontes comunes, XVII Congreso Nacional y IX Iberoamericano de Pedagogía, Santiago de Compostela, 7-9 de julio de 2021, libro de actas

Coordinadores: Miguel A. Santos Rego, Mar Lorenzo Moledo, Jesús García-Álvarez
Colección: Cursos e Congresos
ISBN: 978841844568



Influencia dalgúns matemáticos e universitarios no renacemento cultural de Galicia

Autor: Enrique Vidal Abascal
Colección: Outras Publicacións
ISBN: 9788418445651
Páxinas: 83



El UA/vuelo corto: mujeres y migraciones en la Edad Moderna

Colección: USC Editora. Académica
ISBN: 9788418445507

SOCIOS PROTECTORES

Alumni USC conta con socios protectores das cidades de Santiago de Compostela, Lugo e Pontevedra, así como doutras localidades galegas.

ZONA SANTIAGO

DESDE 2014

Cafetería LEMBRANZA

Rúa Montero Ríos, 39. 15701 Santiago

TEL_ 981 593 636

www.cafeterialembianza.com

COPY NINO

Avda. Rosalía de Castro, 58, baixo

15706 Santiago de Compostela

TEL_ 981 590 302

www.copynino.com

Librería FOLLAS NOVAS

C/ Montero Ríos, 37. 15706 Santiago

follasnovas@follasnovas.es

TEL_ 981 594 406 FAX_ 981 590 612

www.libreriafonsecadecompostela.es

HOTEL MONUMENTO

SAN FRANCISCO

Campillo de San Francisco, 3. 15705 Santiago

TEL_ 981 581 634

www.sanfranciscohm.com

DESDE 2015

Carrocera CASTROSUA

Carretera de A Coruña Km. 59,5

15890 Santiago de Compostela

TEL_ 981 552 460

www.castrosua.com

LÁPICES 4

Avda. da Coruña 4-baixo. 15701 Santiago

TEL_ 981 580 429

www.lapices4.com

Restaurante CAMILO

A Raíña, 24. 15705 Santiago

TEL_ 981 584 593

JOSÉ OTERO

Xeneral Pardiñas, 13-baixo. 15701-Santiago

TEL_ 981 569 230

VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN

Praza da Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6-1º C

15706 Santiago de Compostela

TEL_ 981 554 407

www.vialactea.es

DESDE 2016

LIMPIEZAS SALGADO

Fernando III El Santo, 41

15701-Santiago de Compostela

TEL_ 981 599 089

www.salgadolimpiezas.es

DESDE 2017

UNA GRUPO BUSINESS GLOBAL S.L.

Avda. Barcelona, 33-local 1 A

15706 Santiago de Compostela

TEL_ 902 150 152

www.unagrupo.com

A CESTA DA SAÚDE

Rúa Ramón Cabanillas, 10

15701 Santiago de Compostela

TEL_ 981 592 595

DESDE 2018

HYGGE by Sabucedo & León S.L.

San Pedro de Mezonzo, 28

15701 Santiago de Compostela

Loft Santa Marta. Avda. de Montevideo, 1-1º E

15706 Santiago de Compostela

TEL_ 881 998 791 / 670 417 405

www.hyggepilates.com

CÁMARA DE COMERCIO de Santiago

San Pedro de Mezonzo, 44. 15701-Santiago

camara@camaracompostela.com

www.camaracompostela.com

DESDE 2019

CAMPUS NA NUBE

Seminario Estudos Galegos 15705-Santiago

TEL_ 881 814 854

antonio@campusnanube.com

www.campusnanube.gal

DESDE 2020

Gráficas Garabal S.L.

Codesedas, 5 (Figueiras)

15897 Santiago de Compostela

TEL_ 981 562 595

graficascarabal@graficascarabal.es

www.graficascarabal.es

ZONA A CORUÑA - FERROL

GENESAL ENERGY

Parroquia de Cortiñán D-13-14

15165 Bergondo

TEL_ 981 674 156

www.genesalenergy.com

GRUPO INTAF

Ctra. de Cedeira km 1,5. 15570-Narón

TEL_ 981 397 142

intaf@intaf.com www.intaf.com

ZONA LUGO

DESDE 2015

Restaurante "FONTE DO REI"

Avda. Madrid, 5 y 63. 27002 Lugo

TEL_ 982 245 608 e 982 223 711

www.fontedorei.es

PRELO

Ronda da Muralla, 34-baixo. 27002 Lugo

TEL_ 982 280 359

www.prelo.es

EL PROGRESO DE LUGO

C/ Ribadeo, 5. 27002 Lugo

TEL_ 982 298 146

www.elprogreso.galiciae.com

DESDE 2016

ARESA

Avda. Madrid, 187. 27002 Lugo

TEL_ +34 982 222 400 FAX_ +34 982 222 502

www.aresa-agricola.com

DESDE 2017

AMSLAB S.L.

Avda. Benigno Rivera, 56. 27003 Lugo

TEL_ +34 982 808 074

www.ams-lab.com/web2012

DESDE 2020

Aserener SLU

Rúa Río Sil, 44, baixo. 27003 Lugo

TEL_ 982 253 446

www.instalacionescruz.com

ZONA PONTEVEDRA

DESDE 2016

COGAL

Alceme. 36530-Rodeiro (Pontevedra)

TEL_ 986 790 100

www.cogal.net

BODEGAS TERRAS GAUDA

Estrada Tui- A Guarda km 55

36760 O Rosal (Pontevedra)

TEL_ 986 621 111


www.terrasgauda.com

GUIMERÁNS Trofeos S.L.

Rúa Cobian Roffignac, 19-baixo

36007-Pontevedra

TEL_ 986 167 176



*"... i es o marmurio do río
i es a noite, i es a aurora",
choraba Rosalía de Castro, e nós con ela pola túa ausencia, querido Cajaraville!*

PAZO DE OCA (contorna de Santiago)